



CONCELLO DE CANGAS

INSTALACIÓNS DE TERRAZAS DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS CON SERVIZOS DE TEMPADA NA ZONA PÚBLICA 2017

O Concello de Cangas lémbrale a tódolos veciños/as que desexen solicitala instalación de **terrazas de establecementos hostaleiros** con servizos de tempada, sobre terreos calificados como **dominio público marítimo-terrestre**, que deberán presentala petición no Rexistro de entrada do Concello, **ata o día 28 de febreiro do ano 2017**, de acordo coa seguinte documentación:

1º.- Solicitude en modelo de instancia na que se deberá achegar:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou CIF do solicitante. Cande se trate dunha persoa xurídica, o seu representante deberá acreditar a súa identidade e a representación coa que actúa.
- b) Plano de ubicación e croquis das instalación coa proposta da zona a ocupar, indicando os metros cadrados (con un máximo de 50 m²), e servizos de abastecemento e saneamento.
- c) Certificado de estar ao corrente co facenda local.
- d) Fotografías da zona donde se pretende efectuar a instalación.
- e) Fotocopia da licenza do establecemento hostaleiro.
- f) Depósito de fianza (25 €/m²), para responder dos danos e prexuízos ó dominio público, constituído na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación de Facenda.

2º.- Previa instalación, deberáse xustificarse o pago do canón de ocupación correspondente.

3º.- Non se admitirá a trámite ningunha solicitude que non cumpra tódolos requisitos e non se atope ao día coa facenda local por tódolos conceptos.

4º.- A instalación practicada sen a preceptiva autorización e pagamento da totalidade das taxas correspondentes, será para o/a infractor/a motivo dunha sanción do 150% sobre as cantidades a pagar, con independencia doutras accións legáis que se lle poidan aplicar.

5º.- Se tivo permiso de instalación o ano anterior, terase en conta a retirada da instalación dentro do prazo establecido.

6º.- O período de autorización poderá ser de ata 4 anos, liquidándose o canon de ocupación por este Servizo anualmente.

7º.- A autorización poderá ser revogada en calquera momento, sen dereito a indemnización, cando as circunstancias de interese xeral así o aconsellaran.

8º.- Finalizada a actividade, a instalación deberá levantarse no prazo de 15 días.

9º.- Queda prohibida a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables. A tipoloxía das instalacións deberán armonizar con entorno mediante materiais adecuados e de boa calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.

10 º.- Todas as súas conduccións de servizo terán que ser soterradas. Non se permitirá ningunha conducción de tendido eléctrico que sexa aéreo. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

11º.- O incumprimento de calquera destas obrigas causará a anulación inmediata da autorización.

12º.- O feito de optar ás instalacións previstas neste Bando supón a total conformidade do/a solicitante de todos e cada un dos puntos anteriores, obrigándose ao solicitante expresamente ao cumprimento das mesmas; para calquera dúbida na aplicación desta normativa, será competencia do propio Concello de conformidade coa lexislacion vixente.

Cangas, a 31 de xaneiro de 2017.

O ALCALDE-PRESIDENTE

ASDO.: XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA